Museo	Museo de las Peregrinaciones y de Santiago
Inventario	D-794
Clasificación Genérica	Artes plásticas; Escultura
Objeto/Documento	Altorrelevo
Autor/a	Escola castelá
Título	Santa Catarina transportada polos anxos ao Monte Sinaí
Materia/Soporte	Madeira
Técnica	Dourado Talla
Dimensiones	Profundidade = 15 cm; Ancho máx = 109 cm; Alto máx = 63 cm
Descripción	Altorrelevo en madeira dourada e policromada que presenta, nunha harmónica e estudada composición, un singular aspecto iconográfico da historia e/ou lenda de santa Catarina de Alexandría. Nel aparece a santa morta, pero en actitude beatífica e deitada sobre un catafalco mentres tres anxos coas alas extendidas recollen o seu corpo nun gran pano. No ángulo inferior dereito aparece representada, como símbolo distintivo da súa persoa, a roda rota coa que foi sometida a tortura antes do seu martirio por decapitación.
Iconografia	Santa Catarina de Alexandría
Datación	1601=1700
Contexto Cultural/Estilo	Idade Moderna
Lugar de Producción/Ceca	España (Europa do Sur, Europa)
Uso/función	Devocional
Clasificación Razonada	Trátase dunha escena que alude ao feito recollido na Lenda Dourada e noutros antigos relatos que falan da traslación polos anxos do corpo de santa Catarina ata o Monte Sinaí, onde sería atopado cara o ano 800 nunha cova da propia montaña. Neste lugar asenta o singular mosteiro ergueito no s. VI por mandato de Xustiniano, emprazado, segundo a tradición, sobre unha capela mandada construír por Santa Helena. A lenda do traslado de santa Catarina parece promovida polos monxes do Mosteiro da Transfiguración (ou de Santa Catarina do Monte Sinaí) co obxecto de atraer maior número de peregrinos dos que visitan os Santos Lugares cara a este enclave singular. O Monte Sinaí, onde segundo as Escrituras se lle apareceu Deus a Moisés na silveira que ardía sen se consumir, converteuse, dende os primeiras etapas da difusión do cristianismo, nun punto de parada obrigada e de peregrinación a Terra Santa por ser un dos principais lugares vinculados á Salvación. Xa desde a Alta Idade Media o culto a santa Catarina espallaríase por Occidente como consecuencia dos peregrinos que viaxaban a Xerusalén. Con posterioridade, e por mor das Cruzadas, a santa alexandrina sería amplamente coñecida e venerada por todos os territorios cristiáns.
Forma de Ingreso	Depósito por compra. Tenteo
Fuente de Ingreso	Xunta de Galicia
Fecha de Ingreso	25/11/2005

Catalogación Domínguez Pallas, Desirée; Pérez Outeiriño, Bieito